

CONGRESO INTERNACIONAL

## A PRESENZA FEMININA NA ESCRITURA

### *Voces de mulleres na Idade Media*

Santiago de Compostela, 1-3 de febreiro de 2017

#### PRESENTACIÓN

O proxecto de investigación “Voces de mujeres en la Edad Media Románica: realidad y ficción (siglos XII-XIV)” (MINECO-FFI-2014-55628-P) convoca o Congreso titulado *A presenza feminina na escritura: voces de mulleres na Idade Media*, que pretende crear un foro de debate no que teñan cabida relatorios impartidos por especialistas de referencia no ámbito internacional e a presentación de comunicacións do persoal investigador das áreas dos estudos humanísticos.

A investigación sobre a importancia da muller medieval foi tradicionalmente marxinaada nos estudos clásicos, supeditada á maior transcendencia histórica dos homes. Con todo, existen mulleres de diferente condición que ocuparon unha posición relevante e que contaron cunha produción literaria, artística ou filosófica que aínda non experimentou unha valorización positiva nin un interese semellante ao suscitado polos homes. Consideramos que a capacidade innovadora da muller no mundo medieval non foi posta de relevancia ata o momento suficientemente e, por iso, propoñemos realizar unha análise da feminidade xenética e/ou textual, presente tanto nos textos literarios como na documentación medieval, dende diferentes perspectivas transversais e particulares.

#### OBXECTIVOS

- Difundir propostas innovadoras dende a diversidade de perspectivas, xéneros literarios e disciplinas académicas sobre a temática das voces femininas na Idade Media.
- Visibilizar a importancia da feminidade e das voces de mulleres na Idade Media a través dos seus textos (literarios e non literarios), da súa contextualización histórica e de representacións iconográficas.
- Estudar, en particular, voces femininas relevantes (*trobairitz*, Marie de France, Christine de Pizan).
- Indagar nas proxeccións e nos prexuízos en contra da feminidade “xenética” e/ou “textual” e abrir novas vías de análise.
- Presentar recursos dixitais de referencia sobre os estudos das voces de mulleres na Idade Media, tanto dende o punto de vista histórico como literario.

#### LIÑAS DE INVESTIGACIÓN

- O protagonismo das mulleres na tradición literaria medieval.
- As *trobairitz*: ficción e realidade na produción lírica feminina.
- Tradución e composición feminina na Idade Media: o caso de Marie de France.
- Christine de Pizan: a defensa da muller e a reivindicación das súas liberdades.
- Voces de mulleres na documentación medieval.
- O mecenado literario feminino.
- A presenza feminina no ámbito monástico.
- Perspectivas metodolóxicas para o estudo das mulleres na Idade Media: novos enfoques.
- Recuperación do pensamento e da filosofía medieval dende unha perspectiva de xénero.
- Humanidades dixitais: bases de datos, recursos dixitais e páxinas web de referencia para o estudo da muller na Idade Media.





As propostas de comunicación estarán encabezadas por un título e un resumo que non debe superar as 250 palabras. Deben estar acompañadas polo nome do autor/a, a súa filiación académica, cinco referencias bibliográficas relevantes para o estudo do tema presentado e seis palabras clave como máximo. Os investigadores e investigadoras que desexen participar no encontro deben enviar os datos solicitados á conta de correo do congreso: [vocesdemulleres@gmail.com](mailto:vocesdemulleres@gmail.com) como arquivo adxunto en formato .doc ou .docx antes do **10 de novembro de 2016**. Os relatorios poderán realizarse en calquera lingua románica e terán unha extensión máxima de 20 minutos de presentación, seguidos dun breve debate e coloquio. Todas as contribucións que se reciban serán avaliadas de forma anónima polo comité científico internacional do congreso, que conta con expertos de referencia para cada unha das liñas de investigación. Os autores/as recibirán a resposta de aceptación no encontro antes do **30 de novembro**. Unha vez notificada a avaliación favorable, os interesados/as deberán realizar o pagamento das taxas de matrícula ata o día **15 de decembro**.

Así mesmo, habilitáronse dez bolsas destinadas a axudar a sufragar os gastos da matrícula e da estancia a investigadores/as noveis que deban desprazarse á nosa cidade para participar como comunicantes no congreso e teñan unha situación laboral en paro. A asignación realizarase por concorrencia competitiva, de forma que, ademais dos datos referidos con anterioridade, as persoas que así o desexen deben achegar tamén coa proposta de comunicación un texto (máximo 500 palabras) no que expliquen a motivación pola que solicitan unha das bolsas e un *curriculum* con formato oficial.

#### COTAS DE INSCRIPCIÓN

Asistentes con comunicación: 50 €

Mozos/as investigadores/as con comunicación: 20 €

Asistentes con certificación: 15 €

**Conta para realizar o ingreso:** ES40-0049-2584-9022-1400-2210 (Banco Santander).

**Concepto:** *Congreso Presenza femiina na escritura*

Para formalizar a inscrición débese enviar o xustificante de pagamento escaneado ao correo electrónico: [vocesdemulleres@gmail.com](mailto:vocesdemulleres@gmail.com) cumprindo os prazos establecidos. Para os alumnos/as que participen como asistentes ou que deban realizar unha transferencia bancaria dende o estranxeiro ofrécese a posibilidade de confirmar a matrícula no congreso mediante o pagamento das taxas correspondentes na mesa da secretaría do evento (previo aviso).

#### COMITÉ ORGANIZADOR

Directora: Esther Corral Díaz (USC)

Secretaría: Óscar Collazo Rodríguez e Tania Vázquez García (USC)

Actividade formativa do Doutoramento de Estudos Medievais (USC) e solicitado un crédito de formación para alumnos/as do ámbito de humanidades da USC.

Máis información na nosa [página de Facebook](#) e en [www.vocesdemujeresmedievales.com](http://www.vocesdemujeresmedievales.com)



Grupo de Investigación

*Voces de Mujeres en la Edad  
Media: entre realidad y ficción*

